



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Modificación da ordenanza fiscal número 15 que regula a taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais

Aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal número 15 que regula a taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.

O Pleno da Corporación municipal, en sesión realizada o 14 de novembro de 2024, adoptou o acordo de aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6 “Cota tributaria” da Ordenanza fiscal nº 15 reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, o expediente queda exposto ao público por trinta días hábiles a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar ante o Pleno as reclamacións que consideren oportunas. Transcorrido o prazo sen a presentación de reclamacións entenderanse definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza.

Dodro, 19 de novembro de 2024

O alcalde,

Francisco Xabier Castro Tourís

2024/8253